

Actas del  
IX Congreso Internacional  
de la Asociación Hispánica  
de Literatura Medieval

*(A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001)*

*II*

2005

Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica  
de Literatura Medieval, 2005.

© Carmen Parrilla  
© Mercedes Pampín  
© Toxosoutos, S.L.

Primera edición, agosto 2005

© Toxosoutos, S.L.  
Chan de Maroñas, 2  
Obre - 15217 Noia (A Coruña)  
Tfno.: 981 823855  
Fax.: 981 821690  
Correo electrónico: [editorial@toxosoutos.com](mailto:editorial@toxosoutos.com)  
Local en la red: [www.toxosoutos.com](http://www.toxosoutos.com)

I.S.B.N. obra conjunta: 84-96259-72-2  
I.S.B.N. volumen: 84-96259-74-9  
Depósito legal: C-2072-2005

Impreso por Gráficas Sementeira, S.A. - Noia  
Reservados todos los derechos

## *Cobras capcaudadas* na lírica galego-portuguesa

Carlos Cordeiro Moledo

*Universidade de Santiago de Compostela*

O procedemento das *cobras* ou *rimas capcaudadas* codificado nas poéticas provenzais defínese como un mecanismo de encadeamento interestrófico que consiste, como o seu propio nome indica, na recuperación no primeiro verso dunha cobra (*cap*) da rima do verso final da anterior (*cauda*).

Para este encadeamento entre cobras en “aquela acordansa que la una finish, comensa lautra”<sup>1</sup> contemplábanse nos tratados poéticos diferentes posibilidades de realización, xa que se podía establecer entre estrofas consecutivas de dúas en dúas, de tres en tres, de catro en catro ou incluso entre grupos de estrofas máis numerosos.

Sen embargo, a tratadística retórica pouco máis di acerca da posta en práctica deste procedemento, polo que se fai necesario estudia-la súa plasmación nos textos para intentar extrae-las claves sobre as que se sustentaba. Como teremos ocasión de comprobar dá a impresión de estarmos ante un recurso que se rexía pola observación dunha serie de regras que, estrictamente, seguiron un total de 38 trobadores en 78 composicións diferentes.<sup>2</sup>

Unha lectura atenta dos textos permite extraer, xa de entrada, dúas condicións que caracterizan o artificio. Estas esixen que a

<sup>1</sup> Vid. M. Gatién-Arnoult, *Las Flors del Gay Saber, estier dichas Las Leys d' Amors*, I, Slatkine Reprints, Genève, 1977, p. 236. A literatura retórica actual define esta técnica nos seguintes termos: “Se il primo verso di una strofe riprende la rima dell' ultimo verso della strofe precedente, questo rime si dicono *rimas capcaudatz* ('testa-coda'). Tale artificio ha anche la funzione di vincolare la successione delle strofi”, en Costanzo di Girolamo, *Elementi di versificazione provenzale*, Liguori Editore, Nápoles, 1979, p. 41.

<sup>2</sup> Os datos están tirados de István Frank, *Répertoire métrique de la poésie des troubadours*, I, Librairie Honoré Champion, Paris, 1966, pp. 59-61. Tres desas composicións son de autoría descoñecida. Os códigos numéricos aquí utilizados para a identificación dos textos e trobadores occitanos respectan os establecidos por Frank nesa mesma obra.

concatenación interestrófica afecte á totalidade da composición, ben de maneira consecutiva, ben agrupando as estrofas, e que a rima do verso final da primeira cobra que logo vai ser retomada na seguinte non coincida coa primeira daquela, ou o que é o mesmo, que o elemento rimático sobre o que se asenta o procedemento sexa diferente á rima  $\alpha$  da cobra inicial.

Tamén se observa que o recurso é de natureza puramente interestrófica, deixando libre do mesmo a tornada. Este remate lígase ó resto da composición mediante a repetición, na mesma orde e en mesmo número, das rimas que presentan os versos finais da cobra anterior. Baste de exemplo, entre outras, as composicións de Bernart de Ventadorn, *Non es meravelha s'eu chan* (70, 31), Bonifaci Calvo, *Un nou sirventes ses tardar* (101, 17) ou de Guillem de Cabestany, *Ar vey qu' em vengut als jorns loncs* (213, 3).

A necesidade de que o segmento recuperado ocupase unha posición rimática diverxente dunha cobra á seguinte xa nos dá as claves de cales son as modalidades compositivas das que os trovadores occitanos botaron man para a introducción das *cobras* ou *rimas capcaudadas*, isto é, as *cobras singulares e alternas*. A elección dunha ou doutra posibilidade conlevaba un desenvolvemento do recurso de maneira diferenciada e que sintetizamos a seguir.

Se a composición se realizaba en *cobras singulares*, eran tres as posibilidades que se presentaban. A primeira delas consistía na recuperación dunha rima entre cada par de estrofas de maneira consecutiva e variando a rima dun grupo ó outro. Exemplifica este tipo a cantiga de Bonifaci Calvo, *Un nou sirventes ses tardar* (101, 17) en que o xogo de rimas se establece da seguinte maneira: cI=aII (er); cII=aIII (is); cIII=aIV (a). Gráficamente, a situación é que se presenta a continuación:

I	II	III	IV	V
ar	er	Is	a	a
ar	er	Is	a	on
ei	en	Ier	on	on
ar	er	Is	a	ir
ei	en	Ier	on	
ei	en	Er	on	
er	is	A	ir	



Exemplos con distribución semellante a esta atopámoslos noutras 21 cantigas<sup>3</sup>.

Noutros casos o procedemento esténdese a toda a composición, aínda que se reduce a só dúas rimas ( $\alpha$  e  $\beta$ ), que se van retomando alternativamente ó mesmo tempo que varían dunha cobra á seguinte; isto é, a rima  $\beta$  da cobra I pasa a se-la rima  $\alpha$  da cobra seguinte, o que obriga a introducir unha nova rima  $\beta$  que, á súa vez, pasará a rima  $\alpha$  na seguinte e así de maneira sucesiva. Para ilustralo de maneira gráfica esta é a situación que atopamos na cantiga de Pons de la Garda, *Faray chanzo ans que veinha-laig tems* (377, 3) bI=aII (ai); bII=aIII (uill); bIII=aIV (e); bIV=aV (au); bV=aVI (ort):<sup>4</sup>

I	II	III	IV	V	VI
ems	ai	uill	e	au	ort
ems	ai	ul	e	au	ort
ay	uel	e	au	ort	ans
ems	ai	uil	e	au	ort
ems	ai	oil	e	au	ort
ai	uill	e	au	ort	ans

Finalmente, temos dous textos en que o xogo de concatenación rimática se concreta na recuperación cíclica de tres rimas. Son as composicións de Albertet de Sisteron, *Destregz d'amor veing denan vos* (16, 9) e Bertran de Born, *Cel que camja bo per meillor* (80, 10), esta última coa particularidade de que a terceira rima coa que conta se mantén invariable: bI=aII (er); bII=aIII (e); bIV=aV (or)...; c (ire).

A modalidade compositiva das cobras singulares permite, á súa vez, a posta en práctica dunha especie de circularización rimática que consiste no peche da composición coa rima inicial da cobra primeira, precisamente, a que queda fóra do mecanismo. Isto

<sup>3</sup> Son as composicións numeradas segundo os códigos establecidos por Frank como 9, 9; 10, 50; 16, 1; 102, 1 (repítense 2 rimas); 167, 30a (repítese 1 rima); 177, 1; 205, 7; 213, 3; 217, 2; 248, 17; 248, 22; 248, 50; 248, 51; 248, 55; 289, 1; 335, 43; 355, 5; 375, 4; 377, 5; 461, 74a e 461, 123.

<sup>4</sup> Da mesma maneira acontece en 76, 16; 119, 1; 248, 52 e 389, 30.

acontece nun número significativo de textos, entre eles a pastorela de Guiraut Riquier, *L' autrier trobei la bergeira* (248, 50), en que a rima *a* da cobra I coincide coa rima *b* da VI (e última): *eira*.<sup>5</sup>

A outra das posibilidades que permitían a introducción das *rimas capcaudadas* era a das *cobras alternas*, esquema baixo o que se amoldan un total de 35 composicións. Esa alternancia pode realizarse por pares, por grupos de tres ou incluso de catro estrofas, en función do número de rimas que se van retomando de maneira consecutiva. A modalidade extrema explotouna Peire Vidal nunha das súas cansós, *Mout m' es bon e bel* (364, 29), agrupando as estrofas cada catro, coincidindo co número de rimas diferenciadas que se van retomando dunha cobra á seguinte.<sup>6</sup>

Con todo, o máis normal é que o procedemento se reduza a un único par de rimas que van alternando posición final e inicial dunha cobra á outra, mentres as restantes se manteñen fixas en toda a composición ou varían para cada unha das cobras.<sup>7</sup> En tres casos, esas dúas rimas que intercambian posición alternativamente son as únicas sobre as que se constrúe a composición: es/ar nas cancións de Guilhem de Berguedan, *Ara mens que la neu e-l frei* (210, 2) [bI=aII (ar); bII=aIII (es); bIII=aIV (ar); bIV=aV (es)] e Uc, *Dalfin, pos tan avez apres* (448, 1) [bI=aII (ar); bII=aIII (es); bIII=aIV (ar); bIV=aV (es); bV=aVI (ar)] e es/en na de Guiraut Riquier, *Qui-s tolgues* (248, 69) [bI=aII (en); bII=aIII (es); bIII=aIV (en); bIV=aV (es)].

2. Para a nosa lírica non contamos con ningún tipo de teorización que explique o funcionamento deste mecanismo de relación interestrófica, polo que se fai necesario acudir ós textos provenzais e tentar traslada-los presupostos que nesa lírica o sustentan e apli-

<sup>5</sup> Á parte deste texto, son de factura semellante as cancións 16, 9; 76, 16; 167, 30a; 248, 22; 248, 51; 248, 52; 248, 55 e 355, 5.

<sup>6</sup> As *cobras alternas* por grupos de tres son obra de Alberter de Sisteron (16, 12), Bernart de Ventadour (70, 42), Gaucelm Faidit (167, 58) e Guilhem de Figueira (217, 4b).

<sup>7</sup> O primeiro grupo componse dos textos numerados como 27, 4; 70, 31; 74, 11; 155, 1; 167, 30; 248, 23; 248, 63; 248, 80; 281, 7; 335, 41; 349, 9; 366, 3; 366, 9; 375, 11, mentres que o segundo o completan as cancións 167, 4; 167, 16; 167, 32; 167, 33; 167, 60; 248, 27; 248, 87; 335, 32; 366, 31; 375, 24; 377, 4; 406, 18 e 406, 40.

calos ós textos da escola galego-portuguesa. Desa opinión se manifesta Montero Santalha, quen sinala dous requisitos para poder falar deste fenómeno: que a rima final da estrofa non coincida coa do verso inicial da mesma e que esta ligazón se dea na totalidade da composición.<sup>8</sup> Isto parece contradic-la práctica habitual de editores e estudiosos que acostuman a marcar como *cobras capcaudadas* toda repetición de rima final de cobra no primeiro verso da seguinte, independentemente do seu desenvolvemento parcial ou completo na composición.

A análise dos textos galego-portugueses lévanos a establecer un corpus de 219 cantigas en que detectámo-lo uso deste mecanismo, número que pode parecer esaxerado se o comparamos coa situación que vimos de describir para a lírica occitana. Sen embargo, estes son os textos en que o desenvolvemento se establece de maneira consecutiva e é levado á totalidade da composición.<sup>9</sup> Se nos fixamos no sistema de aproveitamento de rimas é posible reducir ese número a tan só 12, ou tamén, outra posibilidade, establecer dous grupos: para eses 12 textos que respectan as características establecidas pola escola occitana e logo apuntadas para a nosa por Montero Santalha, podemos reserva-la etiqueta de *cobras capcaudadas ó modelo provenzal*, falando, para as demais unicamente de *cobras capcaudadas*.

2. 1. Para ese primeiro conxunto, e ó igual que viamos para a lírica occitana, os modelos estróficos escollidos para a introdución deste procedemento son as *cobras alternas* e as *cobras singulares*. Conforme a esa primeira modalidade compuxo Pero da Ponte dúas cantigas en que introduce exemplos de *rimas capcau-*

---

<sup>8</sup> Vid. José-Martín Montero Santalha, *As rimas da poesía trovadoresca galego-portuguesa: catálogo e análise*, III, tese de doutoramento, Universidade da Coruña, 2000, § 879, pp. 1454-1455.

<sup>9</sup> Neste punto faise necesaria unha observación con respecto ó papel que xoga a *fiinda* na configuración das *cobras capcaudadas*. Dun total de 93 textos provistos dese segmento, só se poderían incluír 11 en que o procedemento se estendería tamén a este remate métrico, fronte a 82 en que queda libre, do mesmo xeito que acontecía nos textos provenzais. É por iso, –e por que cremos que o recurso é de natureza interestrófica–, polo que non considerámo-la *fiinda* na xénese e desenvolvemento do mesmo.

*dadas*. A primeira delas é *Dun tal ricome vos quero contar* (120, 13)<sup>10</sup> e nela o interrelacionamento rimático establécese da seguinte maneira: bI=aII (ou); bII=aIII (ar). Graficamente a situación é a que reflexamos a seguir:

I	II	III
ar	ou	ar
ou	ar	ou
ar	ou	ar
ou	ar	ou
i	i	i
i	i	i
ou	ar	ou

Na outra das cantigas de da Ponte, *Nostro Senhor Deus! Que prol vos ten ora* (120, 28), a situación establécese de maneira semellante, dI=aII (ia); dII=aIII (ora):

I	II	III
ora	ia	ora
y	al	y
y	al	i
ora	ia	ora
al	y	al
al	i	al
ya	ora	ia
ia	ora	ia

En *cobras singulares* documentámo-lo procedemento en dez textos. Son as cantigas de Bonifaci Calvo, *Mui gram poder á sobre mi Amor* (23, 1), Estevan da Guarda, *Estrâya vida viv' og' eu, senhor* (30, 17), Fernan Garcia Esgaravunha, *Quand' eu mha senhor conhoci* (43, 11), Fernan Velho, *Muytus vej' eu per mi maravilhar* (50, 4), Johan de Gaia, *Se eu, amigos, hu he mha senhor* (66, 5),

<sup>10</sup> As referencias ás composicións líricas galego-portuguesas realizase empregando os códigos numéricos establecidos por Guiseppe Tavani no seu *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Edizioni dell' Ateneo, Roma, 1967 e logo retomados, con lixeiras variacións, na edición do corpus da produción trobadoresca coordinada por Mercedes Brea, *Lírica profana galego-portuguesa*, Xunta de Galicia-Centro "Ramón Piñeiro" para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 2 vols.

Johan Mendiz de Briteiros, *Eya, senhor, aque-vos min aqui!* (73, 3) e *Tal ventura quis Deus a min, senhor* (73, 8), Roi Queimado, *Senhor, que Deus mui melhor parecer* (148, 24) e as de autoría anónima *Ora poss' eu con verdade dizer* (157, 37) e *Senhor fremosa, ja nunca será* (157, 56). Algunhas destas composicións presentan unha particularidade engadida, e é que a última rima de cada unha das cobras, e que logo é retomada como primeira das seguintes, non presenta máis ocorrencias no esquema rimático desa estrofa. Isto é, en catro deses textos o verso final coincide co que se coñece como palabra perduda.<sup>11</sup> Así acontece, por exemplo, na apuntada cantiga de amor de Johan Mendiz de Briteiros, *Tal ventura quis Deus a min, senhor* (73, 8), da que reproducímo-lo seu esquema rimático en que se evidencia a coexistencia deses dous recursos:

I	II	III
or	al	i
ir	om	eus
er	ar	en
or	al	y
ir	om	eus
er	ar	en
al	i	ey

Estes 12 textos resultan interesantes dende o punto de vista da cronobiografía dos seus autores, e é que dos oito que compuxeron algunha delas, cinco, Pero da Ponte, Bonifaci Calvo, Fernan Garcia Esgaravunha, Fernan Velho e Roi Queimado desenvolveron a súa actividade poética nas décadas centrais do século XIII nas cortes castelás de Fernando III ou Afonso X (ou polo menos mantiveron relacións literarias con algúns dos que alí desenvolvían o seu traballo, como pode se-lo caso de Roi Queimado), coincidindo coa estada do trovador xenovés Bonifaci

<sup>11</sup> Son as cantigas 23, 1; 30, 17; 73, 3 e 73, 8. Para a definición do fenómeno *vid.* María del Carmen Rodríguez Castaño, "A palabra perduda: da teoría á práctica", in *Actes del VII Congrés de l'Associació Hispánica de Literatura Medieval (Castelló de la Plana, 22-26 de setembre de 1997)*, III, ed. de Santiago Fortuño Llorens e Tomás Martínez Romero, Publicacions de la Universitat Jaume I, Castelló de la Plana, 1999, pp. 263-285.



Calvo<sup>12</sup> na corte do rei Sabio entre 1253 e 1266, autor, á súa vez, dunha composición en galego-portugués en que introduce o procedemento das *cobras capcaudadas*. Polo tanto non sería estraño que fose el (que xa o ensaiara nun sirventés en provenzal)<sup>13</sup> quen o puxese en coñecemento dos seus colegas na Península.

2. 2. Fóra deses 12 textos en que o procedemento se adecúa conforme ó patrón occitano, temos outros moitos en que a diferenza ten que ver coa rima que se vai retomando ó longo da composición. Agora, a necesidade desface-la coincidencia entre a rima final e inicial de cobra xa non existe, e é xustamente a rima a sobre a que se basea este xogo de relación interestrófica. Así, non é estraño que sexan as cantigas dispostas en *cobras unissonans* e as *cobras doblas* as que mellor permiten a introducción das *cobras capcaudadas*.

Esta ligazón interestrófica documentámola en 133 composicións elaboradas seguindo o patrón das *cobras unissonans*, e en todas elas se reduce á recuperación dunha única rima (a) de maneira consecutiva entre tódalas estrofas da cantiga. Exemplifica esta modalidade a cantiga de Estevan Fernandez d' Elvas, O ouç' eu dizer hũu verv' aguysado (33, 7)<sup>14</sup> da que reproducímo-lo seu esquema rimático:

<sup>12</sup> Para as notas biográficas deste trobador *vid.* V. Beltran, “Bonifaz de Genua (Bonifaci Calvo)”, in *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, coord. G. Tavani e G. Lanciani, Caminho, Lisboa, 1993, pp. 106-107.

<sup>13</sup> *Vid. supra.*

<sup>14</sup> Completan o grupo as cantigas numeradas como 6, 3; 6, 7; 7, 10; 8, 1; 8, 5; 9, 5; 9, 7; 9, 12; 12, 3; 14, 11; 16, 2; 16, 3; 16, 7; 16, 12; 16, 13; 16, 14; 18, 20; 18, 41; 25, 7; 25, 20; 25, 23; 25, 26; 25, 45; 25, 56; 25, 60; 25, 71; 25, 84; 25, 86; 25, 87; 25, 90; 25, 99; 25, 124; 30, 7; 30, 15; 43, 1; 43, 8; 43, 9; 43, 13; 43, 16; 43, 20; 44, 5; 45, 3; 47, 15; 49, 2; 50, 2; 50, 8; 53, 1; 56, 6; 60, 11; 63, 28; 63, 52; 64, 7; 64, 11; 64, 15; 64, 23; 64, 28; 70, 1; 70, 13; 70, 18; 71, 6; 72, 2; 72, 11; 73, 4; 73, 6; 75, 7; 78, 2; 78, 4; 78, 13; 78, 23; 78, 24; 79, 11; 79, 13; 79, 20; 79, 26; 79, 37; 87, 19; 95, 4; 97, 1; 97, 4; 97, 13; 97, 17; 97, 23; 97, 26; 97, 34; 97, 36; 97, 42; 97, 43; 101, 2; 114, 1; 114, 14; 114, 16; 114, 24; 116, 20; 116, 30; 116, 31; 120, 8; 120, 11; 120, 20; 120, 25; 120, 41; 120, 42; 121, 10; 125, 10; 125, 11; 125, 12; 125, 17; 125, 32; 125, 47; 125, 49; 125, 52; 126, 5; 126, 6; 126, 7; 126, 8; 126, 13; 126, 15; 127, 6; 129, 1; 141, 2; 143, 18; 148, 1; 148, 4; 148, 7; 148, 10; 148, 13; 148, 21; 148, 22; 151, 10; 154, 6; 154, 12 e 157, 32.

I	II	III	IV
ado	ado	ado	i
em	em	em	i
em	em	em	ado
ado	ado	ado	
y	i	i	
i	i	y	
ado	ado	ado	

Os casos de *cobras capcaudadas* en composicións elaboradas seguindo o esquema rimático das *cobras doblas* realízanse entre cada par de estrofas mediante a recuperación dunha rima diferente en cada caso. Normalmente este tipo de exemplos esixe un número par de estrofas, xa que se van interrelacionando pares de cobras por separado, isto é, a I e a II, a III e IV e/ou, no seu caso, a V e VI. Así acontece na coñecida pastorela de Pedr' Amigo de Sevilla, *Quand' eu hun dia fuy en Compostela* (116, 29), unha composición de seis cobras que son *capcaudadas* por pares consecutivos como reflexa o seu esquema rimático:<sup>15</sup>

I	II	III	IV	V	VI
ela	ela	ia	ia	ada	ada
or	or	i	i	ar	ar
ela	ela	ia	ia	ada	ada
or	or	i	y	ar	ar
or	or	y	i	ar	ar
ela	ela	ia	ia	ada	ada

Constitúen unha excepción dentro deste grupo as cantigas de Osoir' Anes, *Cuidei eu de meu coraçon* (111, 1) e Pero Garcia Buralês, *Ja eu non ey oy mays por que temer* (125, 16) e *Ora veg' eu que xe pode fazer* (125, 31). As dúas composicións de Pero Garcia Buralês por presentaren unha rima a fixa ó longo de toda a composición e que permite liga-las diferentes estrofas de

<sup>15</sup> Casos idénticos en 2, 18; 3, 7; 9, 14; 18, 21; 30, 35; 45, 1; 60, 7; 64, 8; 64, 22; 70, 28; 75, 10; 78, 8; 78, 10; 78, 14; 78, 16; 78, 20; 79, 19; 79, 47; 79, 52; 81, 1; 88, 14; 85, 11; 94, 1; 94, 12; 97, 5; 97, 19; 97, 30; 101, 5; 111, 3; 114, 6; 114, 9; 114, 12; 114, 13; 114, 18; 116, 8; 116, 12; 116, 14; 116, 33; 116, 35; 120, 6; 120, 9; 120, 12; 120, 32; 120, 43; 121, 9; 125, 4; 125, 6; 125, 23; 125, 38; 125, 43; 125, 48; 148, 11; 151, 19; 151, 26; 152, 12; 154, 8.

maneira consecutiva: aI=aII=aIII (er), na primeira delas, e aI=aII=aIII=aIV (er), na segunda.

Os exemplos que recollemos en composicións elaboradas en *cobras singulares* presentan unha particularidade engadida, e é que xustamente a rima que se vai retomando dunha cobra a outra e que constitúe a base do procedemento, presenta un desenvolvemento idéntico nuns casos ó esquema rimático das *cobras doblos*, e noutros ó das *cobras unissonans*. O que é o mesmo, esa rima, a neste caso, mantense fixa en cada par de estrofas ou na totalidade da composicións dependendo dos casos. Un exemplo desa primeira modalidade témolo na composición *Senhor fremosa, pois pesar avedes* (152, 15) de Vasco Gil:<sup>16</sup>

I	II	III	IV
edes	edes	ado	ado
al	i	ar	er
al	i	ar	er
edes	edes	ado	ado
en	or	on	eus
én	or	on	eus
edes	edes	ado	ado

Da segunda modalidade recollemos 18 exemplos que exemplificamos co escarnio persoal de Estevan da Guarda, Já Martin Vaásquez da astrología (30, 18):<sup>17</sup>

I	II	III	IV	V
ia	ia	ia	ia	eu
ano	ado	eso	elo	eu
ano	ado	eso	elo	ia
ia	ia	ia	ia	
ar	ol	or	eu	
ar	ol	or	eu	
ia	ia	ia	Ia	

Todo isto lévanos a confirma-lo que xa se prevía dende un principio, e é que fóra daqueles exemplos catalogados nun prin-

<sup>16</sup> Da mesma maneira en 14, 1; 34, 1; 60, 1 e 152, 7.

<sup>17</sup> Outros exemplos: 30, 12; 44, 6; 56, 9; 56, 10; 63, 5; 70, 19; 70, 38; 75, 12; 79, 9; 86, 7; 114, 28; 115, 4; 116, 32; 120, 17; 125, 34; 131, 4 e 148, 9.



cipio como de *cobras capcaudadas ó modelo provenzal* (vid. supra), o modelo estrófico das *cobras singulares* non favorece a introducción do procedemento pola propia natureza non uniforme que define o seu esquema rimático, a non ser mediante a contaminación doutros.

3. Resulta apreciable polo exposto anteriormente que estamos diante dun procedemento amplamente practicado na escola poética galego-portuguesa: 56 trovadores e xograres introduciron nun total de 219 composicións diferentes este mecanismo de relación interestrófica que deixa fóra do seu ámbito de aplicación a modalidade de refrán e non ten en conta a existencia de *fiinda* para o seu desenvolvemento. Tamén é certo que é posible distinguir dúas modalidades básicas de plasma-lo recurso nos textos e así o tentamos reflexar: un primeiro modelo minoritario herdado da práctica de trovadores occitanos e outro autóctono máis numeroso e que se serve, nas máis das veces, da homoxeneidade panestrófica, (*cobras unissonans*), ou biestrófica (*cobras doblas*) para a súa realización.

### Corpus de textos con cobras capcaudadas:

Núm.	Trovador	Incipit	Modalidade	Realización
2, 18	Afons' Eanes do Coton	<i>Pero da Pont', en un vosso cantar</i>	c. doblas	aI=aII (ar); aIII=aIV (er)
3, 7	Afonso Fernandez Cebolhilha	<i>Senhor fremosa, des quando vus vy</i>	c. doblas	aI=aII (i); aIII=aIV (ar)
6, 3	Afonso Lopez de Baian	<i>En Arouca ûa casa faria</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ia)
6, 7	Afonso Lopez de Baian	<i>Oí d' Alvelo que era casado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
7, 10	Afonso Mendez de Besteiros	<i>Oymais quer' eu punhar de me partir</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ir)
8, 1	Afonso Paez de Braga	<i>Ay mha senhor, quer' eu provar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
8, 5	Afonso Paez de Braga	<i>Poys mha senhor de mi non quer pensar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ar)
9, 5	Afonso Sanchez	<i>Estes que m' ora tolhem mha senhor</i>	c. uniss.	aI=aII (or)
9, 7	Afonso Sanchez	<i>Muytos me dizen que sservy doado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)

Núm.	Trobador	Incipit	Modalidade	Realización
9, 12	Afonso Sanchez	<i>Tám grave dia que vos conhoci</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (i)
9, 14	Afonso Sanchez	<i>Vaasco Martiiz, pois vos trabalhades</i>	c. doblas	aI=aII (ades); aIII=aIV (edes)
14, 1	Airas Nunez	<i>Achou-ss' iú bispo que eu sei, iú dia</i>	c. sing.	aI=aII (ia); aIII=aIV (alla)
14, 11	Airas Nunez	<i>Par Deus, coraçom, mal me matades</i>	c. uniss.	aI=aII (ades)
16, 2	Airas Perez Vuitoron	<i>Correola, sodes adeantado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ado)
16, 3	Airas Perez Vuitoron	<i>Don Bernaldo, por que non entendedes</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (edes)
16, 7	Airas Perez Vuitoron	<i>Don Estêvão, tan de mal talan</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (an)
16, 12	Airas Perez Vuitoron	<i>Joan Nicolás soube guarecer</i>	c. uniss.	aI=aII (er)
16, 13	Airas Perez Vuitoron	<i>Joan Soárez, pero vós teedes</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (edes)
16, 14	Airas Perez Vuitoron	<i>Pois que Don Gómez cura querria</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ia)
18, 20	Alfonso X O Sabio	<i>Fuí eu poer a mão noutro di-la</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (i)
18, 21	Alfonso X O Sabio	<i>Joan Rodríguez foi osmar a Balteira</i>	c. doblas	aI=aII (eira); aIII=aIV (anha)
18, 41	Alfonso X O Sabio	<i>Senhor, justiça viimos pedir</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ir)
*23, 1	Bonifaci Calvo	<i>Mui gram poder á sobre mi Amor</i>	c. sing.	dI=aII (er); dII=aIII (en); dIII=aIV (on)
25, 7	Don Denis	<i>Amiga, faço-me maravilhada</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ada)
25, 20	Don Denis	<i>Chegou-mh', amiga, recado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
25, 23	Don Denis	<i>Como me Deus aguison que vivesse</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (esse)
25, 26	Don Denis	<i>De Joan Bol' and' eu maravilhado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ado)
25, 45	Don Denis	<i>Mesura seria, senhor</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (or)
25, 56	Don Denis	<i>Nostro senhor, se averei guisado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
25, 60	Don Denis	<i>Oimais quer' eu ja leixá-lo trobar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
25, 71	Don Denis	<i>Pero eu dizer quizesse</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (esse)
25, 84	Don Denis	<i>Praz-mh a mi, senhor, de moirer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (er)

Núm.	Trobador	Incipit	Modalidade	Realizaci3n
25, 86	Don Denis	<i>Proenaes soen mui bem trobar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
25, 87	Don Denis	<i>Punh' eu, senhor, quanto poss' em quitar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
25, 90	Don Denis	<i>Quant' eu, fremosa mba senhor</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (or)
25, 99	Don Denis	<i>Quer' eu em maneira de proenal</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (al)
25, 124	Don Denis	<i>Senhor, que mal vos nembrades</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ades)
30, 7	Estevan da Guarda	<i>Com' av6eo a Merlin de morrer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (er)
30, 12	Estevan da Guarda	<i>Do que serve senpr' oi dizer</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (er)
30, 15	Estevan da Guarda	<i>En preito que don Foan </i>	c. uniss.	aI=aII=aIII ()
*30, 17	Estevan da Guarda	<i>Estrya vida viv' og' eu, senhor</i>	c. sing.	dI=aII (er); dII=aIII (en)
30, 18	Estevan da Guarda	<i>J Martin Vadsquez da astrologia</i>	c. sing.	aI=aII=aIII=aIV (ia)
30, 35	Estevan da Guarda	<i>Vs, Don Josep, venho eu preguntar</i>	c. doblas	aI=aII (ar); aIII=aIV (on); aV=aVI (iz)
33, 7	Estevan Fernandiz d' Elvas	<i>O ou' eu dizer hu veru' aguyzado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
43, 1	Fernan Garcia Esgaravunha	<i>A mellor dona que eu nunca vi</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (i)
43, 8	Fernan Garcia Esgaravunha	<i>Om' a que Deus ben quer fazer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (er)
43, 9	Fernan Garcia Esgaravunha	<i>Ora veg' eu o que nunca coidava</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ava)
*43, 11	Fernan Garcia Esgaravunha	<i>Quand' eu mha senhor conhoci</i>	c. sing.	bI=aII (er); bII=aIII (ei)
43, 13	Fernan Garcia Esgaravunha	<i>Que grave cousa, sennor, d' endurar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
43, 16	Fernan Garcia Esgaravunha	<i>Sennor fremosa, conven-mi a rogar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
43, 20	Fernan Garcia Esgaravunha	<i>Tod' ome que Deus faz morar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ar)
44, 5	Fernan Gonalvez de Seabra	<i>Muitos vej' eu que, con mengua de sen</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (en)
44, 6	Fernan Gonalvez de Seabra	<i>Nostro Senhor, quen m' oj' a min guisasse</i>	c. sing.	aI=aII=aIII=aIV (asse)

Núm.	Trobador	Incipit	Modalidade	Realización
45, 1	Fernan Padron	<i>Nulh' ome non pode saber</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (an)
47, 15	Fernan Rodriguez de Calheiros	<i>Non á ome que m' entenda</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (enda)
49, 2	Fernan Soarez de Quinhones	<i>Contar-vos-ei costumes e feitura</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (uras)
50, 2	Fernan Velho	<i>Maria Pérez se maenfestou</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ou)
*50, 4	Fernan Velho	<i>Muyrtus vej' eu per mi maravilbar</i>	c. sing.	cI=aII (on); cII=aIII (er)
50, 8	Fernan Velho	<i>Por mal de mi me fez Deus tant' amar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
53, 1	Garcia Mendiz d' Eixo	<i>A la u vaz que la Torona</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ona)
56, 6	Gil Perez Conde	<i>Jograr, tres cousas avedes mester</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (er)
56, 9	Gil Perez Conde	<i>Non é Amor en de Rei</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (ei)
56, 10	Gil Perez Conde	<i>Non troux' estes cavaleiros aqui</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (i)
60, 1	Gonçal' Eanes do Vinhal	<i>Abadessa, Nostro Senbor</i>	c. sing.	aI=aII (or); aIII=aIV (on)
60, 7	Gonçal' Eanes do Vinhal	<i>Non levava nen dinbeyro</i>	c. doblas	aI=aII (eyro); aIII=aIV (ado)
60, 11	Gonçal' Eanes do Vinhal	<i>Pero d' Ambroa, senpr' oy cantar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
63, 5	Johan Airas	<i>Algun ben mi deve ced' a fazer</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (er)
63, 28	Johan Airas	<i>Don Pero Nunez era entorvado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
63, 52	Johan Airas	<i>Ouvi agora de mia prol gran sabor</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (or)
64, 7	Johan Baveca	<i>Bernal Fendudo, quero-vos dizer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (er)
64, 8	Johan Baveca	<i>Como cuydades, amiga, fazer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (en)
64, 11	Johan Baveca	<i>Estavan oje duas soldadeiras</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (eiras)
64, 15	Johan Baveca	<i>Mayor garcia ssenpr' oyo dizer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (er)
64, 22	Johan Baveca	<i>Pedr' Amigo, quer ora úa ren</i>	c. doblas	aI=aII (en); aIII=aIV (on); aV=aVI (i)
64, 23	Johan Baveca	<i>Pero d' Ambroa prometeu de pram</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (am)
64, 28	Johan Baveca	<i>Un escudeiro vi oj' arrufado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)

Núm.	Trobador	Incipit	Modalidade	Realización
*66, 5	Johan de Gaia	<i>Se eu, amigos, hu he mha senhor</i>	c. sing.	bI=aII (en); bII=aIII (ir)
70, 1	Johan Garcia de Guilhade	<i>A bõa dona, por que eu trovava</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ava)
70, 13	Johan Garcia de Guilhade	<i>Cuydou-s' amor que logo me fariz</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ia)
70, 18	Johan Garcia de Guilhade	<i>Elvira López, aquí, noutro dia</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ia)
70, 19	Johan Garcia de Guilhade	<i>Elvira López, que mal vos sabedes</i>	c. sing.	I=aII=aIII (edes)
70, 28	Johan Garcia de Guilhade	<i>Lourenço jograr, ds mui gran sabor</i>	c. doblas	aI=aII (or); aIII=aIV (ar)
70, 38	Johan Garcia de Guilhade	<i>Par deus, Lourenço, mui desaguizadas</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (adas)
71, 6	Johan Lobeira	<i>Un cavaleiro á 'qui tal entendença</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ença)
72, 2	Johan Lopez de Ulhoa	<i>A mia senhor, que me foi amostrar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ar)
72, 11	Johan Lopez de Ulhoa	<i>Nostro Senhor! Que non fui guardado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ado)
*73, 3	Johan Mendiz de Briteiros	<i>Ella, senhor, aque-vos min aquí!</i>	c. sing.	dI=aII (er); dII=aIII (eus)
73, 6	Johan Mendiz de Briteiros	<i>Que pret' esteve de me fazer ben</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (en)
*73, 8	Johan Mendiz de Briteiros	<i>Tal ventura quis Deus a min, senhor</i>	c. sing.	dI=aII (al), dII=aIII (i)
75, 7	Johan Perez d' Aboim	<i>Dizen mi-as gentes por què non trobei</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ei)
75, 10	Johan Perez d' Aboim	<i>Lourenço, sías tu guarecer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (or)
75, 12	Johan Perez d' Aboim	<i>Nostro Senhor, que mi-a min faz amar</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (ar)
79, 9	Johan Soarez Coelho	<i>Atal vej' eu aqui ama chamada</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (ada)
79, 11	Johan Soarez Coelho	<i>Com' og' eu vivo no mundo coitado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
79, 13	Johan Soarez Coelho	<i>Desmentido m' á 'qui un trobador</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (or)
79, 19	Johan Soarez Coelho	<i>En grave dia, senhor, que vus vi</i>	c. doblas	aI=aII (i); aIII=aIV (ar)
79, 20	Johan Soarez Coelho	<i>Eu me coidei, u me Deus fez veer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (er)
79, 26	Johan Soarez Coelho	<i>Joan Fernández, o mund' é torvado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
79, 37	Johan Soarez Coelho	<i>Meus amigos, que sabor averia</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ia)



Núm.	Trobador	Incipit	Modalidade	Realización
79, 47	Johan Soares Coelho	<i>Quen ama deus, Lourenç', ama verdade</i>	c. doblas	aI=aII (ade); aIII=aIV (ia)
79, 52	Johan Soares Coelho	<i>Vedes, Picandon, soo maravilhado</i>	c. doblas	aI=aII (ado); aIII=aIV (ardes)
78, 2	Johan Soares Somesso	<i>¡Ay eu coitad'! en que coita mortal</i>	c. uniss.	aI=aII (al)
78, 4	Johan Soares Somesso	<i>Con vossa coita, mia senhor</i>	c. uniss.	aI=aII (or)
78, 8	Johan Soares Somesso	<i>Ja foi sazon que eu cuidei</i>	c. doblas	aI=aII (ei); aIII=aIV (ar)
78, 10	Johan Soares Somesso	<i>Muitas vezes en meu cuidar</i>	c. doblas	aI=aII (ar); aIII=aIV (er)
78, 13	Johan Soares Somesso	<i>Non me poss' eu, senhor, salvar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ar)
78, 14	Johan Soares Somesso	<i>Non tenh' eu que coitados son</i>	c. doblas	aI=aII (on); aIII=aIV (or)
78, 16	Johan Soares Somesso	<i>Ora non poss' eu ja creer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (al)
78, 20	Johan Soares Somesso	<i>Quen bõa dona gran ben quer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (á)
78, 23	Johan Soares Somesso	<i>Se eu a mia senhor ousasse</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (asse)
78, 24	Johan Soares Somesso	<i>Senhor fremosa, fui buscar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ar)
81, 1	Johan Vasquiz de Talaveira	<i>Ay Pedr' Amigo, vós que vos têedes</i>	c. doblas	aI=aII (edes); aIII=aIV (ia)
81, 8	Johan Vasquiz de Talaveira	<i>Joan Airas, ora vej' eu que á</i>	c. doblas c. doblas	aI=aII (a); aIII=aIV (on) aI=aII (ores); aIII=aIV
85, 11	Juião Bolseiro	<i>Joan Soares, de pran as melhores</i>	c. uniss.	(ada)
87, 19	Lopo Liáns	<i>Se m' el Rey dess' algo, iá m' iria</i>	c. sing.	aI=aII (ia)
86, 7	Lopo, jogral	<i>Par Deus, senhor, muyt' aguisado ey</i>	c. doblas	aI=aII=aIII (ey)
88, 14	Lourenço Martin de Padrozelos	<i>Rodrigu' lanes, queria saber</i>	c. uniss.	aI=aII (er); aIII=aIV (ey)
95, 4	Martin Moxa	<i>Deus, e que cuydey a fazer</i>	c. doblas	aI=aII=aIII=aIV (er)
94, 1	Martin Moxa	<i>Algũa vez dix' eu en meu cantar</i>	c. doblas	aI=aII (ar); aIII=aIV (a)
94, 12	Martin Soares	<i>O gram prazer e gram viç' en cuydar</i>	c. uniss.	aI=aII (ar); aIII=aIV (er)
97, 1	Martin Soares	<i>Ay, mba senhor, se eu non merecesse</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (esse)

Núm.	Trobador	Incipit	Modalidade	Realización
97, 4	Martin Soares	<i>Con alguen é 'qui Lopo desfiado</i>	c. doblas	aI=aII=aIII (ado)
97, 5	Martin Soares	<i>De tal guisa mi ven gran mal</i>	c. uniss.	aI=aII (al); aIII=aIV (or)
97, 13	Martin Soares	<i>Lopo jograr, és garganton</i>	c. uniss.	aI=aII (on)
97, 17	Martin Soares	<i>Meu senhor Deus, se vus prouguer</i>	c. doblas	aI=aII=aIII (er)
97, 19	Martin Soares	<i>Muitus me vêem preguntar</i>	c. uniss.	aI=aII (ar); aIII=aIV (or)
97, 23	Martin Soares	<i>Nostro Senhor, como jazco coyado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ado)
97, 26	Martin Soares	<i>O que conselh' a de mi de m' eu quitar</i>	c. doblas	aI=aII=aIII=aIV (ar)
97, 30	Martin Soares	<i>Pero que punh' en me guardar</i>	c. uniss.	aI=aII (ar); aIII=aIV (ir)
97, 34	Martin Soares	<i>Pro Deus, senhor, non me desenparedes</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (edes)
97, 36	Martin Soares	<i>Qual senhor devi' a filhar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ar)
97, 42	Martin Soares	<i>Senhor, poyz Deus non quer que mi queirades</i>		aI=aII=aIII (ades)
97, 43	Martin Soares	<i>Tal hom' é cuitado d' amor</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (or)
101, 2	Men Rodriguez Tenoiro	<i>Don Estêvão achei noutro dia</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ia)
101, 5	Men Rodriguez Tenoiro	<i>Juião, quero tigo fazer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (ar)
111, 1	Osoir' Anes	<i>Cuidei eu de meu coraçom</i>	c. doblas	bI=aII=aIII (ar)
111, 3	Osoir' Anes	<i>E por què me desamades</i>	c. doblas	aI=aII (ades); aIII=aIV (ado); aV=aVI (ia)
114, 1	Pai Gomez Charinho	<i>A dona que home "sennor" devía</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ia)
114, 6	Pai Gomez Charinho	<i>De quantas cousas eno mundo son</i>	c. doblas	aI=aII (on); aIII=aIV (er)
114, 9	Pai Gomez Charinho	<i>Don Affonso López de Baiám quer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (or)
114, 13	Pai Gomez Charinho	<i>Ora me venh' eu, senhor, espedir</i>	c. doblas	aI=aII (ir); aIII=aIV (or)
114, 12	Pai Gomez Charinho	<i>Oy eu sempre, mia sennor, dizer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (ar)
114, 14	Pai Gomez Charinho	<i>Par Deus, senhor, de grado quería</i>	c. uniss.	aI=aII (ia)

Núm.	Trobadador	Incipit	Modalidade	Realización
114, 16	Pai Gomez Charinho	<i>Pois mia ventura tal é ¡pecador!</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (or)
114, 18	Pai Gomez Charinho	<i>Que mui de grad' eu querria fazer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (on)
114, 24	Pai Gomez Charinho	<i>Tanto falam do vosso parecer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (er)
114, 28	Pai Gomez Charinho	<i>Voum' eu, senhor, e quérovos leixar</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (ar)
116, 8	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Don Estevam, oi por vós dizer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (or)
116, 35	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Hun bispo diz aquí, por sy</i>	c. doblas	aI=aII (i); aIII=aIV (or)
116, 12	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Lourenço non mi quer creer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (ar)
116, 14	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Maria Balteyra que se queria</i>	c. doblas	aI=aII (ia); aIII=aIV (ades)
116, 20	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Non sey no mundo outro omen tan coyado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
116, 29	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Quand' eu hun dia fuy en Compostela</i>	c. doblas	aI=aII (ela); aIII=aIV (ia); aV=aVI (ada)
116, 30	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Quand' eu vi a dona que non cuydava</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ava)
116, 31	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Quen mh' ora quysesse cruzar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ar)
116, 32	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Quer' eu gram ben a mha senhor</i>	c. sing.	aI=aII (or)
116, 33	Pedr' Amigo de Sevilha	<i>Sey ben que quantus eno mund' amaron</i>	c. doblas	aI=aII (aron); aIII=aIV (ando)
121, 9	Pero d' Armea	<i>En grave dia me fez Deus nacer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (ey)
121, 10	Pero d' Armea	<i>Meus amigos, querovos eu dizer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (er)
120, 6	Pero da Ponte	<i>De Don Fernan Díaz Estaturão</i>	c. doblas	aI=aII (ão); aIII=aIV (ado)
120, 8	Pero da Ponte	<i>Don Bernaldo, pois tragedes</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (edes)
120, 9	Pero da Ponte	<i>Don Garcia Martjz, saber</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (ey)
120, 11	Pero da Ponte	<i>Dûa cousa soo maravilhado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
120, 12	Pero da Ponte	<i>Dun tal ricome ouç' eu dizer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (en)
*120,13	Pero da Ponte	<i>Dun tal ricome vos quero contar</i>	c. alternas	bI=aII (ou); bII=aIII (ar)



Núm.	Trobadador	Incipit	Modalidade	Realización
120, 17	Pero da Ponte	<i>Eu, en Toledo, sempre' ouço dizer</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (er)
120, 20	Pero da Ponte	<i>Maria Pérez, a nossa cruzada</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ada)
120, 25	Pero da Ponte Pero da Ponte	<i>Mentre m' agora d' al non digo nada</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ada)
*120,28	Pero da Ponte	<i>Nostro Senhor Deus! Que prol vos ten ora</i>	c. alternas	dI=aII (ia); dII=aIII (ora)
120, 32	Pero da Ponte	<i>Ora ja non poss' eu creer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (á)
120, 41	Pero da Ponte	<i>Que ben sse soub' acompanhar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ar)
120, 42	Pero da Ponte	<i>Que mal s' este mundo guysou</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ou)
120, 43	Pero Garcia Burgalês	<i>Quen a sa filha quiser dar</i>	c. doblas	aI=aII (ar); aIII=aIV (or)
125, 6	Pero Garcia Burgalês	<i>Ay mia sennor e meu lum' e meu ben!</i>	c. doblas	aI=aII (en); aIII=aIV (ar)
125, 11	Pero Garcia Burgalês	<i>Dunha cousa soo maravilhado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
125, 12	Pero Garcia Burgalês	<i>Eu me cuydava, quando non podia</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ia)
125, 16	Pero Garcia Burgalês	<i>Ja eu non ey oy mays por que temer</i>	c. doblas	aI=aII=aIII (er)
125, 17	Pero Garcia Burgalês	<i>Joana, dix' eu, Sancha e Maria</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ia)
125, 23	Pero Garcia Burgalês	<i>Meus amigos, direi-vus que m'a ven</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (er)
125, 10	Pero Garcia Burgalês	<i>Meus amigos, quero-vos eu dizer</i>	c. uniss.	aI=aII (ades)
125, 31	Pero Garcia Burgalês	<i>Ora veg' eu que xe pode fazer</i>	c. doblas	aI=aII=aIII (er)
125, 32	Pero Garcia Burgalês	<i>Ora vej' eu que fiz mui gran folia</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ia)
125, 38	Pero Garcia Burgalês	<i>Qual dona Deus fez mellor parecer</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (á)
125, 43	Pero Garcia Burgalês	<i>Que muitos que mi andan preguntando</i>	c. doblas	aI=aII (ando); aIII=aIV (ado)
125, 47	Pero Garcia Burgalês	<i>Se eu a Deus algun mal mereçi</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (i)
125, 48	Pero Garcia Burgalês	<i>Se eu soubesse u eu primeiro vi</i>	c. doblas	aI=aII (i); aIII=aIV (er)
125, 49	Pero Garcia Burgalês	<i>Senhor, eu quer' ora de vos saber</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (er)
125, 52	Pero Garcia d' Ambroa	<i>Sennor, per vos são maravilhado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)

Núm.	Trobador	Incipit	Modalidade	Realización
126, 5	Pero Garcia d' Ambroa	<i>Joham Baveca, fe que vós deveedes</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (edes)
126, 6	Pero Garcia d' Ambroa	<i>Maioir Garcia est' omiziada</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ada)
126, 7	Pero Garcia d' Ambroa	<i>O que Balteira ora quer vingar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
126, 8	Pero Garcia d' Ambroa	<i>Ora vej' eu que est' aventurado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
126, 13	Pero Garcia d' Ambroa	<i>Querri' agora fazer hun cantar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
126, 15	Pero Gomez Barroso	<i>Se eu no m undo fiz algun cantar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
127, 6	Pero Goterrez	<i>Moir' eu aqui de grand' afan</i>	c. uniss.	aI=aII (an)
129, 1	Pero Mafaldo	<i>Muytus a que deus quis dar muy bon sen</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (en)
131, 4	Rodrigu' Eanes Redondo	<i>Maria Perz, and' eu muy coytado</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (ado)
141, 2	Roi Queimado	<i>Om' a que Deus coita quis dar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
148, 11	Roi Queimado	<i>Nostro Senhor e ora que será</i>	c. doblas	aI=aII (a); aIII=aIV (en)
148, 1	Roi Queimado	<i>Agora viv' eu como querria</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ia)
148, 4	Roi Queimado	<i>D' este mundo outro ben non querria</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ia)
148, 7	Roi Queimado	<i>Don Estevan, ûa grand' entençon</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (on)
148, 9	Roi Queimado	<i>Fiz meu cantar e loei mia senhor</i>	c. sing.	aI=aII=aIII (or)
148, 10	Roi Queimado	<i>Nostro Senhor Deus e por que neguei</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (ei)
148, 13	Roi Queimado	<i>O Demo m' ouvera oj' a levar</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ar)
148, 21	Roi Queimado	<i>Querri' agora saber de grado</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ado)
148, 22	Roi Queimado	<i>Sempr' ando coidando en meu coraçõ</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (on)
*148,24	Vasco Fernandez	<i>Senhor, que Deus mui melhor parecer</i>	c. sing.	bI=aII (i); bII=aIII (er); bIII=aIV (ar)
151, 10	Praga de Sandin	<i>O mui fremoso parecer</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII=aIV (er)
151, 19	Vasco Fernandez Praga de Sandin	<i>Quen oge mayor cuita ten</i>	c. doblas	aI=aII (en); aIII=aIV (er)

Núm.	Trobador	Incipit	Modalidade	Realización
151, 26	Vasco Fernandez Praga de Sandin	<i>Senhor fremosa, par Deus, gran razon</i>	c. doblas	aI=aII (en); aIII=aIV (ar)
152, 7	Vasco Gil	<i>Pero Martiiz, ora, por caridade</i>	c. sing.	aI=aII (ade); aIII=aIV (estes)
152, 12	Vasco Gil	<i>Rei Don Alfonso, se Deus vos pardon</i>	c. doblas	aI=aII (on); aIII=aIV (al)
152, 15	Vasco Gil	<i>Senhor fremosa, pois pesar avedes</i>	c. sing.	aI=aII (edes); aIII=aIV (ado)
154, 8	Vasco Perez Pardal	<i>Pedr' Amigo, quero de vos saber</i>	c. doblas	aI=aII (er); aIII=aIV (en)
154, 12	Vasco Perez Pardal	<i>Senhor, don Anssur se vus querelou</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (ou)
157, 32	Anónimo	<i>Mui gran temp' á, par Deus, que eu non vi</i>	c. uniss.	aI=aII=aIII (i)
*157,37	Anónimo	<i>Ora poss' eu con verdade dizer</i>	c. sing.	cI=aII (or); cII=aIII (ar)
*157,56	Anónimo	<i>Senhor fremosa, ja nunca será</i>	c. sing.	cI=aII (er); cII=aIII (ei)

Sinalanse cun \* os textos compostos segundo modelo provenzal